



BOP

LUNS, 4 DE MAIO DE 2026

N.º 099

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de febreiro de 2026 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 6.050 € e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 700,37 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 23 de abril de 2026.- O alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 1086

Anuncio

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de marzo de 2026 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.786,93 € e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 904,23 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 26 de abril de 2026.- O alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 1087

CERVANTES

Anuncio

CONVOCATORIA 1 AUXILIAR DE INFORMACIÓN TURÍSTICA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2025.

POSTO DE TRABALLO: AUXILIAR DE INFORMACIÓN TURÍSTICA (1)

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Cervantes ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Cervantes, será necesario adiantala por correo electrónico (concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Cervantes.

Cervantes, 29 de abril de 2026.- O alcalde, Benigno Gómez Tadrín.

R. 1110

A FONSAGRADA

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 24 de abril de 2026, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de marzo de 2026, polo importe total de 11.533,78 € (dependencia) e 486,10 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 27 de abril de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1088

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía 2026- 0098, de data 27/04/2026, resolveuse aperturar a bolsa de traballo temporal de auxiliares do servizo de axuda no fogar do Concello de Folgoso do Courel constituída por Decreto de data 10/05/2023 e convocar o proceso selectivo para a ampliación da referida bolsa, así como tamén aperturar a mesma de cara a actualización de méritos dos e das persoas que xa forman parte dela. O prazo para presentar as solicitudes correspondentes será de **10 días naturais** a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases encóntranse publicadas na sede electrónica do Concello.

Folgoso do Courel, 29 de abril de 2026.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 1111

FOZ

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 2 de outubro de 2025, para a provisión mediante concurso-oposición de catro prazas de operario/a limpeza viaria para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4059.

De acordo coa Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as da convocatoria para a provisión de catro prazas de operario/a limpeza viaria para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4059 co seguinte alcance:

A) ADMITIDOS:

NOME E APELIDOS	PROBA DE GALEGO
JUAN MANUEL COUSO BATALLA	EXENTO
PATRICIA CUADRADO BAAMONDE	EXENTA
BALBINO LOPEZ CANDIA	EXENTO
SANDRA ROSARIO MATEO	EXENTA

BERTA ALVAREZ AFONSO	EXENTA
ROBERTO GARCIA INSUA	EXENTO
AINHOA CASTIÑEIRA BELLO	EXENTA
ANGELES FERNANDEZ DIAZ	EXENTA
EVA MARIA PALACIOS ARCEO	EXENTA
FRANCISCO JOSE FEITO FERNANDEZ	NON EXENTO
NAYIBIS COROMOTO DIAZ AMARIS	NON EXENTA
JOSE ANTONIO SANCHEZ GARCIA	NON EXENTO
ANA MARIA URIA CAMPOS	EXENTA
JUAN ANTONIO FERNANDEZ PEIXOTO	EXENTO
JAVIER GONZALEZ PEREZ	EXENTO

B) EXCLUIDOS:

EXCLUIDOS	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSION
PABLO GARCIA FERNANDEZ	EXENTO	(Prazo de 10 días hábiles para emenda segundo punto 6) bases xerais, "Coa solicitude deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica,...."
RAFAEL OTERO FERNANDEZ	EXENTO	(Prazo de 10 días hábiles para emenda segundo punto 6) bases xerais, "Coa solicitude deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica,...."
JONATHAN CUADRADO GALLEGO	EXENTO	(Prazo de 10 días hábiles para emenda segundo punto 6) bases xerais, "Coa solicitude deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica,...."
ANGEL LOPEZ RAMOS	EXENTO	(Prazo de 10 días hábiles para emenda segundo punto 6) bases xerais, "Coa solicitude deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica,...."
JACOBO RODRIGUEZ VALEA	NON EXENTO	Non presentar o Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente, incumprindo o establecido na Base 5.A da la convocatoria. NON SUBSANABLE

SEGUNDO.- Os aspirantes excluídos dispoñen de un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para a emenda da documentación.

TERCEIRO.- Publicar no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica a presente resolución na que consta as lista provisional dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as, aos efectos oportunos.

Mándao e asínao en Foz (Lugo), o alcalde, Francisco Cajoto Caserío, o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, ante min, a secretaria en acumulación, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Foz, 27 de abril de 2026.- O alcalde, Fracisco Cajoto Caserío. A secretaria en acumulación, María Luz Balsa Rábade.

R. 1089

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a resolución de alcaldía de aprobación de bases de 2 de outubro de 2025, para a provisión mediante concurso-oposición de dúas prazas de limpador/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4019.

De acordo coa Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as da convocatoria para a provisión de dúas prazas de limpador/a para o Concello de Foz, como persoal laboral fixo, xornada completa, código RPT 4019 co seguinte alcance:

A) ADMITIDOS:

NOME E APELIDOS	PROBA DE GALEGO
JENNIFER GARCIA RAMOS	EXENTA
CLARIBEL FIGUEREDO OROPESA	NON EXENTA
PATRICIA CUADRADO BAAMONDE	EXENTA
BALBINO LOPEZ CANDIA	EXENTO
BERTA ALVAREZ AFONSO	EXENTA
MONTSERRAT GRAÑA DIAZ	EXENTA
MARIA ADELAIDA VILAR VARELA	EXENTA
AINHOA CASTIÑEIRA BELLO	EXENTA
EVA MARIA PALACIOS ARCEO	EXENTA
NAYIBIS COROMOTO DIAZ AMARIS	NON EXENTA
FRANCISCO JOSE FEITO FERNANDEZ	NON EXENTO
JOSE ANTONIO SANCHEZ GARCIA	NON EXENTO
ANA MARIA URIA CAMPOS	EXENTA
CRISTIANE RENATA JOS BEZERRA LEITE	NON EXENTA
ELSA FERNANDEZ PREGIGUEIRO	EXENTA

B) EXCLUIDOS :

EXCLUIDOS	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSION
CARMEN AMALIA GAVIN RODRIGUEZ	EXENTA	(Prazo de 10 días hábiles para emenda segundo punto 6) bases xerais, "Coa solicitude deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica,...."
ANGEL LOPEZ RAMOS	EXENTO	(Prazo de 10 días hábiles para emenda segundo punto 6) bases xerais, "Coa solicitude deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica,...."

SEGUNDO.- Os aspirantes excluídos dispoñen de un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para a emenda da documentación.

TERCEIRO.- Publicar no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica a presente resolución na que consta as lista provisional dos aspirantes admitidos/as e excluídos/as, aos efectos oportunos.

Mándao e asínao en Foz (Lugo), o alcalde, Francisco Cajoto Caserío, o día da sinatura electrónica que se indica na marxe da presente, ante min, a secretaria en acumulación, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Foz, 27 de abril de 2026.- O alcalde, Fracisco Cajoto Caserío. A secretaria en acumulación, María Luz Balsa Rábade.

R. 1090

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **Marzo 2026**, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondente a mes de **MARZO 2026**, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrencia: 3067,22 €

- Modalidade dependencia: 4904,07 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **MARZO** de **2026**, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 20 de abril de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 1091

LÁNCARA

Anuncio

Vista a solicitude para celebración de matrimonio civil presentada neste concello por dona RMP e don JAVF.

O día 23.03.2026 a Encargada da Oficina do Rexistro civil de Sarria autorizou a delegación para que o alcalde do concello de Láncara reciba o consentimento matrimonial.

Visto o artigo 51 do Código Civil, modificado pola Lei 35/1994, de 23 de decembro, sobre autorización de matrimonio civil polos alcaldes, e os artigos 124, apartado quinto, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como os artigos 43 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, resolvo:

Primeiro. Delegar na concelleira dona Alba María Sangil de Andrés a competencia para a celebración do matrimonio civil entre dona RMP e don JAVF o día 25.04.2026 bastando con que na acta de autorización do matrimonio se faga constar que a concelleira actúa por delegación do alcalde.

Segundo. Comunicar esta resolución á concelleira delegada e proceder á súa publicación no BOP Lugo.

Terceiro.- Dar conta desta delegación ao Pleno na primeira sesión que se realice.

Láncara, 24 de abril de 2026.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1092

MEIRA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2026

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria de Pleno deste Concello, de data 23 de abril de 2026, o orzamento xeral, bases de execución, e o persoal de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2026, conforme o previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo por prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

Meira, 27 de abril de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1093

*Anuncio***APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE MEIRA**

O Concello de Meira levou a cabo a aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal do prezo público pola prestación do servizo da Escola Municipal de Música por acordo do Pleno da Corporación de data 23 de abril do 2026.

En cumprimento do disposto no art. 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta (30) a contar desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se houberan presentado reclamacións, considerarase aprobado definitivamente dito Acordo.

Meira, 27 de abril de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1094

AS NOGAIS*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 27/04/2026, aprobáronse os Padróns Tributarios das taxas pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2026, o que se notifica aos efectos do seu coñecemento. Fixase o período de cobro en voluntaria do 27/04/2026 ao 27/06/2026, ambos inclusive. Iníciase o período de exposición ao público polo prazo de 15 días contados a partir do día seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

As Nogais, 27 de abril de 2026.- O alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1095

OUIROL*Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ouiról en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de abril de 2026, acordou aprobar o **Padrón Fiscal do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR correspondente ao mes de MARZO de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de tres mil douscentos cincuenta e nove euros con setenta e nove céntimos (3.259,79 €), correspondendo mil trescentos trinta e cinco euros con sesenta céntimos (1.335,60 €) a libre concorrencia e mil novecentos vinte e catro euros con dezanove céntimos (1.924,19 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ouro, 14 de abril de 2026.- O alcalde - presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 1096

PANTÓN

Anuncio

Acordo do Pleno do Concello de Pantón polo que se aproba inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 8/2026 do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería.

O Pleno desta Entidade, en sesión ordinaria celebrada o día 29.04.2026 acordou a aprobación inicial do expediente de suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta Entidade [dirección <https://panton.sedelectronica.gal/info.0>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Pantón, 29 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1112

Anuncio

Informe da Comisión Especial de Contas da Entidade de Concello de Pantón sobre a debida xustificación da Conta Xeral do exercicio 2025.

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2025 por un prazo de quince días, durante os cales quen se estime persoas interesadas poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Á súa vez, estará ao dispor de as persoas interesadas na sede electrónica desta Entidade [<http://concellodepanton.sedelectronica.gal>].

Pantón, 29 de abril de 2026.- O alcalde-presidente, José Luis Álvarez Blanco.

R. 1113

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MARZO DE 2026.**

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 09 de Abril de 2026 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Marzo de 2026 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Marzo de 2026: 1.601,02 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de Maio de 2026 e o 01 de Xuño de 2026. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de abril de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1097

TRIACASTELA*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de 29 de abril de 2026, foron aprobadas as bases específicas para a selección e posterior contratación de 1 traballador/a a xornada completa para o posto de:

- Tractorista ao abeiro da actuación de Tratamentos preventivos mecanizados incluída no Convenio para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026 asinado o 22/04/2025.

Duración do contrato: 5meses, data límite da contratación o 30/09/2026.

Prazo de presentación de solicitudes: nos sete días naturais seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do concello en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres e na sede electrónica <http://triacastela.sedelectronica.gal>.

Mais información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas no taboleiro de anuncios do concello de Triacastela e na sede electrónica <http://triacastela.sedelectronica.gal>.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Triacastela, 29 de abril de 2026.- A alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 1114